tempo sindical
Voceiro da Confederación Intersindical Galega
Nº 58
11/2014

Suso Seixo:
"Falar de pacto social é traizoar a clase traballadora"
Páx. 10-11

Pacto social: paro e miseria

tempo sindical

Edita:
Confederación Intersindical Galega (CIG)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10
15703 - Santiago
Telf: 981 564 300 - Fax 981 571 082
E-mail: comunicacion@galizacig.net

Consello de redacción:
Xosé Francisco Miranda Vigo, Iván García Riobó, Begoña González Carballo, Bernal Rúa Fernández, Paula Castro Lago, Florencio Rodríguez López, Graciela Alba Burgos.

Maquetación e deseño:
Florencio Rodríguez e Graciela Alba.

Fotografía:
Avantar, GZfoto, Tempo Sindical.

Executiva Confederal da CIG:
Suso Seixo Fernández, Paulo Carril Vázquez, Ramiro Oubiña Parracho, Antolín Alcántara Álvarez, Miguel Malvido Cabirto, Manuel Currás Meira, Margarida Corral Sánchez, Francisco Xabier Cartelle Pérez, Anxo García Torres, Xosé Francisco Miranda Vigo, Anxo Pérez Carballo, Elvira Patiño Ogea.

Colaboran neste número:
Evaristo Pereira de la Torre, Manuel Mera, Héctor López de Castro, Xavier R. Fidalgo, EsCULcA, Xabier Pérez Igrexas.

Imprime: Imprenta Fidalgo.
Tiraxe: 5.000 exemplares.
Depósito Legal: C-1480/94

CIG
Confederación Intersindical Galega

Editorial

Comunicar para vencer

Comezamos esta nova etapa do Tempo Sindical, voceiro da Confederación Intersindical Galega (CIG), tras un período de reflexión sobre a nosa estratexia comunicativa no actual contexto de agudización da loita de clases e da batalla de ideas.

Para as forzas obreiras, a comunicación e a propaganda constituíronse historicamente como ferramentas insubstituíbeis no marco da loita de clases, na pugna no eido ideolóxico para alargarmos o nivel de conciencia. Fronte aos medios propiedade da burguesía, que cumpriron e cumpren un papel profundamente reaccionario como instrumentos de alienación e reprodución da ideoloxía dominante, a propaganda e a comunicación popular que emerxen das forzas obreiras propoñen a disputa pola hexemonía, construíndo un discurso de noso, dirixido por e para a clase traballadora como suxeito de emancipación.

A autoorganización como clase dende unha óptica galega esixe, xa que logo, incidir na cuestión da conciencia social e nacional, facendo fronte aos intentos por distorsionar a nosa memoria histórica e a nosa función na construción dunha sociedade máis xusta e democrática na que se garantan os dereitos do pobo.

Para isto resulta fundamental erguer proxectos de comunicación alternativos ao contexto informativo tradicional, dominado polos grandes grupos empresariais, no que a información é sinónimo de mercadoría e control social, imperan os procesos de manipulación que deforman a realidade dende unha óptica sistémica afondando na desinformación como elemento esencial para o desenvolvemento de políticas de explotación e dominación política económica e cultural.

Eis o reto que temos por diante: a consolidación do Tempo Sindical como referente entre a clase traballadora galega á hora de achegar ideas, información, opinión e análise ao debate sobre a construción dun novo sistema económico equitativo e solidario: o socialismo.

A VIÑETA

Evaristo Pereira

Coa CIG, ti es máis forte
Súmate ao sindicalismo nacionalista

Paulo Carril Vázquez

A CIG celebrou o seu último Congreso Confederal baixo o lema "É necesario, é posíbel. Organización, loita, soberanía", nunha clara aposta por dotármonos de forzas e organización para avanzar na conquista dun sistema económico ao servizo da clase traballadora, e no que soberanamente como pobo galego poidamos ter a capacidade de decidir o noso presente e futuro, para termos garantía do dereito a traballar e vivir dignamente en Galiza.

En pleno proceso de eleccións sindicais, cómpre ter presente a importancia do que estas ideas representan.

A elección de representantes dos traballadores/as debe ser entendido como ese proceso de organización para termos máis capacidade de resposta á crise e ás brutais políticas neoliberais que están a impor os Gobernos español e galego.

Todo o traballo de eleccións de delegados/as é fundamental para a nosa acción sindical, mais sobre todo para afrontar a nova situación que se está a dar, atendendo de forma especial a un dos piares básicos para todo o que representa a negociación colectiva, cando hai unha vontade expresa do poder por desmantelala.

Consolidar e ampliar a CIG nos centros de traballo é unha aposta decidida por participar na acumulación de forzas para afrontar todos os ataques que sofre a clase traballadora galega.

Canta máis CIG, canta máis representación sindical teñamos nestas eleccións sindicais, máis avanzará o combate contra a explotación, as reformas laborais, os recortes e perdas de dereitos, a destrución de emprego, o emprobrecemento dos salarios, o retroceso nas condicións laborais, a privatización do ensino e a sanidade, etc.



A CIG representa o sindicalismo de clase, nacionalista, de base, asembleario e alternativo ao sindicalismo español do pacto social e de colaboración co poder. / TS

Cómpre termos moi presente que a clase obreira se dotou nun longo proceso histórico das ferramentas sindicais para rachar a forza e o poder do patrón, construíndo a unidade da clase por medio da loita, da solidariedade e do apoio mutuo.

Hoxe por hoxe, a CIG é esa ferramenta porque representa un sindicalismo de clase, nacionalista, de base, asembleario e alternativo ao sindicalismo español do pacto social e de colaboración co poder. Temos ben demostrada unha traxectoria histórica de firmeza, coherencia, insubornábel, de confronto co poder e de non integración no sistema.

Organización, loita, soberanía, conceptos importantes nestas eleccións sindicais.

Este período de eleccións sindicais dáse nun contexto de crise económica que se mantén dende hai xa seis anos e que chega acompañada dunha profunda crise xeral que chama a unha intensa rexeneración e democratización en todos os centros de traballo á hora de elixir os representantes sindicais para acabar coas prácticas dun modelo sindical colaboracionista coa patronal e co sistema, que ten reducido a capacidade reivindicativa, e polo tanto, reduce dereitos e calidade de vida.

Dende a CIG estamos convocados/as a sermos os principais activos para afrontar esta situación, así como para levarmos aos centros de traballo unha mensaxe que transforme a resignación, o individualismo, a pasividade e os medos en participación sindical e acción colectiva organizada como mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega.

Lei de seguridade cidadá: a represión eficiente

EsCULcA
Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades

O pasado 18 de xullo entrou no Rexistro do Congreso dos Deputados o proxecto de Lei de Protección da Seguridade Cidadá (LPSC), con menos publicidade que o anteproxecto anterior de 2013, coñecido de inmediato como 'lei mordaza' e obxecto de correccións no Relatorio do Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal, a AEPD e o Consello de Estado. Os defensores da lei en proxecto afirman así que o texto que entra no Congreso pasou un estrito exame de constitucionalidade. Mais o certo é que os defectos tan palmarios de técnica xurídica do anteproxecto fai pensar que a súa presentación obedecía á táctica do Executivo de lanzar 'globos sonda', para despois o proxecto aparecer como un texto reformado e axustado a Dereito.

A nova lei virá substituír a de 1992, nacida das mans do ministro Corcuera no contexto da fonda crise económica de comezos dos noventa do pasado século. Cómpre salientar ese común contexto socio-económico de ambas as leis de "orde pública" da democracia pois permite albiscar un dos seus alicerces: a aplicación polo poder dunha política de contención do exercicio das liberdades cando as elites económicas optan por un axuste económico que mingua os dereitos sociais das maiorías. Eis a teoría dos vasos comunicantes, a imposición dunha baixada no nivel en dereitos sociais implica imposición dun menor nivel no vaso dos dereitos formais.

O obxectivo é conter o exercicio das liberdades cando as elites económicas optan por un axuste que mingua os dereitos sociais das maiorías.

Mais abordando o actual proxecto hai unha primeira perspectiva sociolóxica que, aínda que custe admitilo e preferísemos ignorala, non é moi alentadora. Posibelmente por razóns profundas, como o medo inculcado ao pensamento político disidente que non aceptaba os grandes dogmas da chamada Transición ou mesmo pola traxectoria autoritaria da nosa historia recente, o caso é que só minorías moi activas da nosa sociedade viñan denunciando as crebas de liberdades no Reino de España: leis de detención incomunicada, uso da tortura, aplicación de réximes de vida de aillamento durante anos a persoas presas, doutrina Parot, limitacións policiais de facto no exercicio de dereitos fundamentais (reunión, manifestación e folga nomeadamente)… Penuria democrática apoiada nun pensamento social maioritario que de forma regular avalía positivamente os sucesivos ministros de Interior dos respectivos gabinetes e sacraliza as forzas policiais, ás que se atribúe o privilexio das súas pescudas e conclusións seren tomadas pública e xuridicamente como "verdades reveladas" relegando de inmediato as voces críticas co seu actuar á cualificación de filo-terrorista ou anti-sistema .

Non axuda a fomentar unha cultura de liberdades a hipócrita posición do PP-PSOE segundo a posición que cada deles ocupa no momento de aprobación das leis. As argumentacións que deu o ministro Corcuera nos anos 90 do século XX para xustificar a súa propia lei son idénticas ás ofrecidas polo ministro Fernández cando foi interpelado no Congreso .

A especialidade do contexto social en que aparece o proxecto e súa teleoloxía restritiva do dereito á disidencia foron analizados en infomes urxentes de organismos como Amnistía Internacional (AI) en 2014: "España: O dereito a protestar ameazado". En Galiza, EsCULcA recolle en resumos trimestrais a información de que ten noticia relativa a limitacións de liberdades.

Como acontecía no seu antecedente, neste proxecto latexa unha finalidade de eficiencia na represión de condutas de disidencia. Eficiencia superior á que confire a sanción penal, sometida a un proceso máis garantista e sob o principio de presunción de inocencia. As condutas sancionadas nesta lei parten do principio de veracidade do atestado policial. E a súa impugnación xurisdicional é competencia dos xulgados do contencioso administrativo, en procesos en que non rexe a presunción de inocencia e para os que hai que pagar previamente a chamada taxa xudicial. O que determina unha actuación precisa e eficiente na actuación represiva.

Nesta visión xeral do proxecto debemos salientar a moi notábel suba no monto económico dos tramos inferiores das sancións recollidas pola lei, especial-

A represión ten afectado a distintas mobilizacións sociais durante o ano 2014. / GZ Foto

mente nas sancións graves e leves. Un exemplo: o tramo mínimo das sancións graves sobe a 601 (301 da lei de 1992).

Outra característica, aquí si nidiamente diferenciada da lei Corcuera, é o aumento de accións cualificadas como infraccións (26 infraccións graves fronte ás 16 da lei Corcuera).

Unhas remiten a reivindicacións corporativas e acentúan a tendencia do Estado a pór eivas á investigación de abusos policiais (p.ex., a infracción que sanciona o uso non autorizado de imaxes o datos profesionais de axentes, que -a pesar das modificacións- mantén a filosofía obstativa a denunciar os abusos do anteproxecto). Algunhas coinciden con condutas xa obxecto de sanción penal e outras moitas son introducidas ad hoc, ao socairo de novas de protesta como ocupación de prazas ou inmediacións de edificios institucionais. Outras, pola súa redacción xenérica, permitirían mesmo incluír os coñecidos como 'escrachos' .

A nova normativa aumenta as accións que son cualificadas como infraccións graves (26 fronte ás 16 da Lei Corcuera).

Por outra parte, as funcións das forzas policiais son definidas de forma tan vaga e sen límites expresos legais nos dereitos fundamentais, que os axentes poderán identificar sen motivación algunha persoas que exercen un dereito: participar nun piquete, concentración ou reparto de documentación… Os datos desas identificacións permitirán formar ficheiros de activistas, nunha finalidade allea á prevención de delincuencia, revelando o propósito de obter información da disidencia política.

O Art. 7 recolle un verdadeiro "deber de delación" dos funcionarios públicos –non policiais– supeditado non á existencia de datos acerca da comisión dun delito senón simplemente de feitos que poidan producir unha perturbación grave da seguridade cidadá, pretendendo converter os traballadores/as do sector público en "corpos auxiliares" policiais.

Para concluír, se o antecedente era malo, o proxecto futuro é nefasto. En Galiza temos constatado en numerosas ocasións o uso abusivo da Lei Corcuera na represión das actividades de diferentes colectivos sociais e políticos. Colectivos feministas, libertarios, xuvenís, nacionalistas, sindicais, de apoio a persoas presas, etc., todos sufriron a aplicación da "represión eficiente". EsCULcA deixou constancia de numerosas destas actuacións político-policiais nos seus relatorios . O aumento previsto na Lei Fernández das condutas sancionábeis e a súa ampla definición debuxan un panorama aínda máis preocupante para o sector social máis activo da nosa sociedade. Confiemos que unha mudanza desa mentalidade social securitaria permita consolidar unha cultura de defensa das liberdades que free esta ofensiva autoritaria.

Afondando no neoliberalismo e na explotación

Os novos tratados comerciais entre a Unión Europea e os Estados Unidos penalizan os países máis débiles

Manuel Mera

A Unión Europea está a negociar varios tratados, dos que os máis importantes son: o de libre comercio e investimento de capitais cos Estados Unidos (TTIP), e outro que abrangue a UE e preto de dúas ducias de países en materia de servizos (TISA). Trátase de acordos estratéxicos que se xustifican como se fosen a única alternativa para blindar os mercados diante do avance dos BRICS. Mais, agóchase que sobre todo permiten que as grandes empresas e fortunas acumulen e centralicen aínda máis riqueza e poder mediante a "produción de escala", a rebaixa de salarios, a redución e privatización dos servizos públicos e menor seguridade alimentar e protección do ambiente.

Desbotan, porque vai contra os intereses das elites, que hai outra andaina posíbel para dar avío aos graves atrancos desta etapa. Esta vía sería a de realizar cambios sistémicos, que favorezan as clases populares, polo que deben superar o capitalismo (xustiza social, soberanía nacional e popular, solidariedade internacional, desenvolver economías sustentábeis e autocentradas, etc.). Esta mesma tese sostén Raoul Marc Jennar, cando afirma en relación co TTIP: "No TLC trátase moi pouco de comercio. Hai moito de elección de sociedade, de estilos de vida, de preferencias colectivas que son produto do combate que houbo nos nosos países, ao longo dos dous últimos séculos, nos ámbitos políticos, sociais".

As relacións comerciais entre desiguais no capitalismo repousan na explotación e na opresión. / TS

As relacións comerciais e os investimentos entre desiguais no capitalismo nunca poden ter resultados positivos para a parte máis débil porque repousan na explotación e na opresión. E esta é unha lei válida para calquera grao de integración, ben sexa política ou mediante un TLC; algo perfectamente estudado pola Teoría da Dependencia.

Os resultados destes acordos sempre son negativos para os países máis débiles, por máis grande que estes sexan, tal como constata Vicenç Navarro ao analizar o TLC entre México e os Estados Unidos e Canadá: "Destruíronse empregos tanto nos EEUU como en México (...) favoreceu empresas moi grandes, moi influentes de Washington e da cidade de México. Porén danou as clases populares (...). Tal experiencia repetiuse en todos os casos de TLCs (...). O TLC prohibirá os monopolios dos servizos públicos, como a sanidade (...)".

Tamén en Galiza temos experiencia da que tirar conclusións sobre a integración dende a dependencia ou subordi-

Un acordo tan importante estase a negociar no máis absoluto segredo dende hai máis dun ano. / TS

nación. Os procesos de incorporación na economía do Estado español no último século e posteriormente na UE pódense resumir na perda de peso demográfico e na incapacidade para xerar emprego abondo e de calidade comparábeis aos territorios con potencialidades semellantes, mais en condicións de centralidade no sistema.

O TTIP quere outorgar ás corporacións transnacionais sustento legal para denunciar os Estados por disposicións que consideren restritivas ou limitadoras dos seus lucros presentes e futuros. Por exemplo, en materia de calidade alimentaria e ambiental (transxénicos, fracking, etc.), de achegas ao sector público ou privado, de acceso á xestión de servizos de titularidade pública, etc. As diverxencias resolveranse mediante o chamado Mecanismo de Resolución de Conflitos (ISDS), constituído por avogados/as de bufetes privados. EEUU quere impoñer a súa a lexislación laboral na UE, exportando unha maior desregulación das condicións de traballo. Un dato: en 26 estados ianquis está prohibida a negociación colectiva.

A UE, pola súa banda, pretende eliminar a normativa norteamericana sobre os bancos "demasiado grandes" xa que a lei actual fixa algúns límites ás transaccións financeiras. A transcendencia deste tema resulta clara cando Alemaña esixe que se eliminen do tratado con Canadá (CETA), semellante ao TTIP, as cláusulas de privilexio para os investidores. Estes tratados deben ser aprobados polo Parlamento europeo e por todos e cada un dos estados membros da UE. Neste acordo impídese a des-privatización e limítanse as achegas públicas para o desenvolvemento local e rexional. Considérase que o CETA é o cabalo de troia do TTIP.

En canto ao Tratado de Comercio de Servizos, será un novo pulo regresivo nos dereitos das clases populares. No TISA preténdese pactar unha normativa común entre os Estados asinantes no relativo aos temas xa comentados. Non sería xa necesaria a reclamación legal das transnacionais en moitos destes temas, xa que os asinantes -a UE e dúas ducias de Estados como Xapón, México, Perú, Turquía, Corea do Sur, etc.- trasladarían estes cambios á súa propia normativa. Segundo Raoul Marc Jennar, o TISA "prohibirá os monopolios públicos (como o ensino) e os fornecedores exclusivos de servizos, tamén a nivel rexional e local (empresas municipais de augas, etc.)".

EEUU quere impoñer a súa lexislación laboral na UE, exportando unha maior desregulación das condicións de traballo.

Por último, cómpre destacar que un acordo de tanta importancia se está a negociar no máis absoluto segredo dende hai máis dun ano, o que amosa o cinismo daqueles que consideran a UE e os EEUU como un espello da democracia. Temos como exemplo do contrario os seguintes casos:

a) Até o mes de xullo realizáronse 560 reunións no marco do TTIP, das que só 26 foron con representantes sociais. A todas as demais asistiron organizacións empresariais, o que reflicte o papel dominante das corporacións nestas negociacións.

b) A Comisión Europea rexeitou unha proposta da Iniciativa Cidadá Europea, que representa a 250 organizacións de 21 estados da UE, e avalada por máis dun millón de sinaturas, na que solicitaba ser ouvida con respecto ao ISDS no TTIP. A Comisión afirma que a solicitude t-rata temas que están fóra da súa competencia. O Tratado de Lisboa abriu esta vía de participación, que utilizan as organizacións que simpatizan co proxecto europeísta.

c) No debate realizado o pasado 16 de setembro no Parlamento europeo sobre o CETA, ou sexa o tratado entre a UE e máis Canadá, deuse un miserento minuto aos deputados/as para que opinasen sobre un tema de tanta transcendencia.

Estes acordos son posíbeis porque as clases dominantes de ambas as partes saen favorecidas, algo que neste contexto só se pode conseguir a custa da clase traballadora, de moitas pequenas empresas, das nacións máis débiles (como Galiza) e de terceiros países. A ampliación do mercado é sobre todo funcional ás grandes empresas, as únicas capaces de competiren a nivel internacional; polo que a globalización neoliberal ten como principal finalidade centralizar e concentrar riqueza e poder aumentando a explotación da clase traballadora e oprimindo os pobos dependentes.

Fogasa, do despedimento ao desamparo

Héctor López de Castro Ruíz
Avogado da CIG

Constituído en 1976, após a ratificación da Convención 117 da OIT, o Fondo de Garantía Salarial (Fogasa) serviu durante décadas para adiantarlles aos traballadores/as o cobro dos seus salarios pendentes de pagamento e das indemnizacións procedentes en caso de insolvencia empresarial ou concurso de acredores. Hoxe é un organismo sobrecargado de traballo, externalizado na súa xestión e depauperado nos seus recursos, xusto no momento en que máis falta fai: en poucos anos, o Fogasa multiplicou por cinco o seu volume de traballo –de 39.032 expedientes resoltos en 2007 a 154.357 en 2013–.

Demoras inaceptábeis…

A desfeita do Fogasa é unha proba evidente de que entre as prioridades do Goberno de Mariano Rajoy non está a protección das persoas que perden os seus empregos como consecuencia da crise. Tomando os dados de agosto de 2013 –o mes anterior ao comezo da externalización da xestión– o tempo medio de tramitación de expedientes era de 322,39 días en Pontevedra, 285,54 días na Coruña, 34,14 días en Ourense e 23,39 días en Lugo. As provincias atlánticas galegas están entre as que presentan un panorama máis desolador no conxunto do Estado, con centos de traballadoras/es que se ven sen traballo e sen sustento, por causa da demora no pagamento das prestacións a que teñen dereito. Hai casos que raian no grotesco: en Lugo, os expedientes estiveron parados durante meses pola xubilación dun funcionario.

… nunhas prestacións xa reducidas

Coa reforma legal aprobada por Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, rebaixáronse os topes para o cálculo da prestación satisfeita polo Fogasa, pasando a considerarse como base de cálculo o duplo do salario mínimo interprofesional (SMI), cando antes era o triplo. Reduciuse tamén o número de días que o organismo debe aboar por salarios insatisfeitos: de 150 días a 120 días.

Esta modificación supuxo que o importe total das prestacións se reduza de 11.224,5 euros –indemnización calculada co SMI do ano 2012, máis a parte proporcional das pagas extraordinarias, multiplicado por tres, co tope de 150 días– a un importe total de 5.986,40 euros –calculado do mesmo xeito, mais co duplo do SMI en vez do triplo e o tope de 120 días–. Isto supón unha rebaixa de máis do 40% na cobertura das remuneracións salariais, de modo que se a empresa for declarada insolvente ou en concurso de acredores, haberá unha parte, case o 60% dos salarios do traballador/a, que xa non cobrará en ningún caso, e que se incrementará proporcionalmente en relación co salario que exceda do duplo do SMI (1.290,60 euros en 2014).

A situación do Fogasa resulta dun proceso consciente de degradación dun servizo público para xustificar a súa privatización.

A respecto das indemnizacións, haberá que levar en conta o mesmo límite, mais co salario vinculado a unha anualidade.

Unha externalización desastrosa

As situacións de necesidade creadas pola demora nos pagamentos levaron a adoptar unha solución extrema a mediados de 2013: unha encomenda de xestión á empresa pública Tragsatec, filial de Tragsa, para a resolución de 181.000 expedientes pendentes, máis un volume descoñecido de expedientes non dixitalizados. Por cada un deles pagáronse 20 euros, un custo desmesurado que permitiría reforzar o exiguo cadro de persoal do organismo.

O esperpéntico da situación foi que Tragsa decidiu presentar o seu propio ERE nesas datas, afectando a 803 traballadores/as de Tragsatec. Para levar a cabo a encomenda, a empresa tivo que contratar 80 traballadores/as, que non contaban coa formación adecuada. Isto provocou unha parálise case total dos pagos, dándose o paradoxo de que persoas que solicitaran prestacións despois de outubro de 2013 viron resoltos os seus expedientes antes que outras que o fixeran antes de abril de 2012: case dous anos de demora.

A situación do Fogasa non é resultado dun cúmulo de erros, senón consecuencia dun proceso consciente de degradación dun servizo público para xustificar a súa privatización. Coa agravante de que quen o sofre son milleiros de traballadores/as que xa foran castigados/as co desemprego.

Reforma da lei do aborto: vitoria feminista, loita inacabada

Margarida Corral Sánchez

O recente anuncio por parte do Goberno español do Partido Popular de aparcar o ultra retrógrado proxecto de reforma da Lei orgánica 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, supón unha vitoria do feminismo, que recibimos con ledicia, mais tamén con prudencia. Porque isto non supón que deixemos de loitar polo recoñecemento dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, de pular pola liberdade e autodeterminación en relación á nosa sexualidade e sobre a libre decisión da nosa maternidade.

A responsabilidade dos gobernos é garantir os dereitos á cidadanía –civís, culturais, sexuais, reprodutivos– non restrinxilos. Por iso reiteramos a nosa esixencia de que retiren o recurso contra a actual lei de prazos presentado polo PP no seu momento diante do Tribunal Constitucional, e que aínda non foi resolto. Esiximos unha atención integral da nosa saúde sexual e reprodutiva na rede pública, o dereito a decidir sobre as distintas opcións reprodutivas, garantir o acceso das mulleres aos métodos anticonceptivos, aos servizos de interrupción voluntaria do embarazo, á información e atención integral das mulleres durante a xestación, parto e puerperio, e un investimento real en políticas sociais, sanitarias, educativas e laborais que apoien a maternidade e a paternidade.

A responsabilidade dos gobernos é garantir os dereitos da cidadanía e non restrinxilos.

A mobilización social conseguiu parar a reforma. / GZ Foto

Denunciamos a nova ameaza do PP, quen segue a facer concesións á ultradereita e á xerarquía da Igrexa, na contra dos dereitos sociais, sexuais e reprodutivos das mulleres a través do anuncio do Goberno de reformar a lei actual para impedir que as mozas de entre 16 e 17 anos poidan decidir interromper o seu embarazo, obrigándoas a ter consentimento dos seus proxenitores/as. Unha modificación que buscan plasmar, xunto con outras iniciativas, dentro do Plan de protección da familia que pretenden acometer antes de final de ano.

As galegas non podemos renunciar á nosa acción mobilizadora, porque somos conscientes de que mesmo antes de que o PP anunciase en Madrid a "contrarreforma" da lexislación en materia de interrupción voluntaria do embarazo, en Galiza, dende as Consellarías de Sanidade e Benestar, vén acometendo reformas similares ás que agora anuncia o Goberno do Estado e poñendo en marcha iniciativas diversas dirixidas a impedir a libre elección das mulleres sobre os nosos corpos, e sobre a nosa maternidade.

Unha serie de políticas que seguen vixentes como a Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se estabelece e regula unha rede de apoio á muller embarazada; e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galiza, creadas ao abeiro da aprobación dunha Iniciativa Lexislativa Popular presentada pola Red Madre e a Plataforma do Foro Español de la Familia.

Cómpre lembrar que en Galiza o labor de información e asesoramento ás mulleres recae en entidades privadas de carácter ultra-conservador e relixioso, e mentres a Xunta acomete recortes na asistencia socio-sanitaria pública, subvenciona con fondos públicos a propaganda antiabortista. Isto, a pesar do rexeitamento de todos os grupos políticos da Cámara galega, das organizacións feministas, e mesmo cun informe do Consello Económico e Social na súa contra, que chega a cualificar dita norma de retrógrada e ultraconservadora.

Por todas estas razóns, dende a Secretaría Confederal da Muller da CIG, aínda avaliando moi positivamente esta vitoria acadada por todas as mulleres, imos seguir nesta loita inacabada até conseguir que se garanta o noso dereito a decidir.

Non son tempos de pacto social

Suso Seixo

O 29 de xullo, CCOO, UGT, CEOE e o Goberno español (PP) asinaban, a nivel do Estado, o chamado "Acordo de propostas para a negociación tripartita para fortalecer o crecemento económico e o emprego", retomando así, por parte do sindicalismo español maioritario, a senda ideolóxica do pacto social que tantos prexuízos leva causado aos intereses da clase traballadora nas últimas décadas.

O contido do preámbulo que xustifica este acordo xa en si mesmo é revelador do baixo perfil ideolóxico e do escasamente comprometido, desde o punto de vista de defensa dos intereses de clase, que vai ser todo o que aparece despois recollido no documento, no apartado de propostas sobre diferentes materias. Ao tempo, é tamén revelador da farsa, do puramente aparencial, deste suposto diálogo social do que falan, así como do entreguismo ideolóxico e reivindicativo das dúas centrais sindicais que o asinan.

Nese preámbulo dinse cousas como: "O diálogo social debe xogar un papel importante neste contexto, no que a economía española iniciou unha etapa de crecemento. A concertación forma parte da nosa tradición social e permite aliñar o esforzo de todos na mesma dirección, o que contribuirá a un maior crecemento económico, a máis emprego e a un reparto equilibrado de beneficios, esforzos e cargas que reforcen a cohesión social. Por iso, o pasado mes de marzo, o Goberno e os interlocutores sociais volvemos pór de manifesto o noso compromiso co diálogo social". Abraiante.

Resulta clarificador que se aborde un acordo deste tipo como se no Estado español non tivese pasado nada nos últimos anos, como se non fósemos vítimas da crise dun modelo económico, produtivo e institucional determinado; como se non se estivese dando o maior ataque, desde a reforma pactada -o que se deu en chamar Transición española-, aos dereitos e condicións de vida da clase traballadora, con políticas económicas e contrarreformas estruturais en materia de contratación, negociación colectiva, pensións, servizos sociais, desemprego, etc., o que motivou numerosas mobilizacións, entre elas catro folgas xerais; e, por último, como se os asinantes destes acordos, pola parte económica (CEOE) e política (agora PP e antes PSOE), non fosen os responsábeis directos de todo isto. Este é o diálogo e a concertación social dos que no preámbulo se di que existe tradición no Estado e que hai anos veñen practicando estas dúas centrais sindicais? Probabelmente si.

A política de pacto social practicada por CCOO e UGT ten contribuído á despolitización, desideoloxización e desmobilización do movemento obreiro.

Non menos revelador do que os asinantes deste documento entenden por diálogo social é o que se di de que "xa desde o pasado mes de marzo o Goberno e os interlocutores sociais volveron a pór de manifesto o seu compromiso co diálogo social". Desde esa data o Goberno español (e por suposto a Xunta de Galiza) puxo en marcha a Lomce, continuou coa privatización e recortes na sanidade e na asistencia social e promoveu reformas como a Lei de Mutuas, que pretende darlles moito máis poder a estas asociación empresariais para controlar as baixas por enfermidade de traballadores/as; a reforma fiscal, que favorece abertamente as rendas máis altas, as grandes empresas e as rendas do capital; as reformas da Lei de Seguridade Cidadá e mais do Código Penal, que supoñen un claro intento de recorte das liberdades públicas, de criminalización da contestación social e de impor un Estado policial, ou a reforma da Lei do Aborto, que finalmente retirou pola presión social e as propias contradicións que xeraba no PP. Diante disto, caben dúas interpretacións, ou ben que estas medidas son froito do diálogo social e polo tanto contan co apoio de CCOO e UGT, ou ben que iso do diálogo social é unha falacia e estas dúas centrais sindicais así o aceptan.

No citado acordo aparecen teóricas propostas –e digo teóricas porque en moitos casos é simple literatura– sobre temas como a Unión Europea, o emprego, a formación, a negociación colectiva, a protección social, o modelo produtivo, a economía social e a política orzamentaria e fiscal. Como digo, na maioría destas materias non aparecen propostas concretas, como é o caso da política orzamentaria e fiscal, dos servizos públicos ou das medidas para a creación de emprego; e naquelas outras nas que aparecen son todas elas propostas politicamente correctas, avalando o que fixo até o de

agora o Goberno, e nada incómodas para a patronal. Como se pode ver, trátase de diálogo social á española, en estado puro e dentro da tradición de diálogo social e política de pacto que tradicionalmente veñen practicando estes dous sindicatos.

Este modelo do sindicalismo do diálogo e do pacto que practican CCOO e UGT, e que no Estado español se ten materializado en acordos como ABI (1979), AMI (1980), ANE (1981), AI (1983), AES (1984), AI (1997), AINC (2002-2014) ou ASE (2011), ten uns referentes históricos que se corresponden coa situación específica que se deu en Europa, no período inmediatamente posterior á II Guerra Mundial, froito dun pacto entre o capital e o traballo, que posibilitou melloras importantes para a clase traballadora, como é o caso do sistema da Seguridade Social, as prestacións por desemprego, o fortalecemento de servizos públicos como a sanidade, o ensino ou a asistencia social, o que se coñece como Estado do Benestar. Estamos a falar dunha situación que, no seu conxunto, hai anos que xa non se dá nin no Estado español nin na UE, caracterizada por uns fortes investimentos e crecemento económico, pola existencia da Unión Soviética, por ser o sistema socialista un referente importante en Europa para amplos sectores da clase obreira e por unha grande fortaleza do movemento sindical e da esquerda.

O gran erro de CCOO e UGT, ao igual que o doutros moitos sindicatos europeos, foi pensar que estas conquistas foron froito das bondades do propio diálogo e do pacto social e non da mobilización social, das amplas e duras loitas obreiras e dunha correlación de forzas favorábel á clase traballadora e á esquerda, o que provocou que o capital se vise obrigado a compartir o importante crecemento económico posterior á II Guerra Mundial, aceptando todo un conxunto de melloras en materia económica, laboral e social co fin de evitar males maiores e quitarlle forza á reivindicación da conquista do socialismo por parte da clase obreira.

As conquistas, pois, da clase traballadora ao longo da Historia foron, e son, froito da loita de clases, da confrontación de intereses entre o capital e o traballo e dunha correlación de forzas favorábel a este último. Estamos a falar polo tanto de situacións (mesmo o chamado Estado do Benestar) que non son estábeis; a proba está en que tan axiña como o capital viu que a correlación de forzas lle era favorábel -ao que contribuíu a desaparición da Unión Soviética e o debilitamento do sindicalismo de clase e da esquerda- pasou á ofensiva para recuperar as cesións feitas no seu momento e mellorar así a súa marxe de beneficios e o seu poder. A esta dinámica responden as medidas para privatizar e debilitar o peso das empresas públicas, dos servizos e dos sistemas públicos de protección e asistencia social; a caída dos salarios; a redución dos impostos directos ao capital, ás rendas máis altas e ás grandes fortunas; a desregulación dos mercados financeiro, lab-oral ou de bens e servizos; as sucesivas contrarreformas da lexislación en materia de negociación colectiva, contratación, etc.

As conquistas sociais son froito da mobilización. / TS

Estamos diante dunha loita de poder, dunha loita de intereses de clase enfrontados.

Os resultados do diálogo e do pacto social poñen de manifesto que, mentres para o capital se trata dunha cuestión puramente táctica, condicionada pola correlación de forzas nun momento histórico determinado e que lle permite desactivar o movemento obreiro, para as centrais sindicais que o practican dá en converterse nun elemento estratéxico, e niso está o grande erro por parte destas.

A política de pacto social, practicada por CCOO e UGT no Estado español, ten contribuído á despolitización, á desideoloxización e á desmobilización do movemento obreiro, o que lle facilitou ao capital desregular o mercado laboral, individualizar as relacións laborais, facer unha distribución da riqueza favorábel ao propio capital pola vía, entre outras, da redución dos salarios e levar adiante, con relativo éxito, nestes anos de crise do sistema, todas as políticas económicas e laborais neoliberais de recorte de dereitos e de precarización das condicións laborais e sociais da clase obreira. Só a presenza de sindicatos de clase e nacionalistas como a CIG, ELA, LAB e outros, fixo posíbel que a deterioración das condicións laborais e dos nosos dereitos non fose maior e se dese unha contestación social digna, cando menos nas nosas nacións, a estas políticas antiobreiras e antisociais.

Estamos diante dunha loita de poder, dunha loita de intereses de clase enfrontados, na procura de modelos económicos e sociais antagónicos. Só a través da politización e a ideoloxización da clase traballadora, da mobilización e da contestación social, poderemos lograr unha correlación de forzas favorábel que nos permita levar adiante un diálogo social a través do cal os traballadores/as conquistemos realmente melloras nas nosas condicións laborais, económicas e sociais. Mais, en calquera caso, estas conquistas non poden distraernos de obxectivos chave para a clase traballadora galega como o control democrático da economía, a propiedade dos medios de produción e o facer realidade unha sociedade galega socialista e soberana.

Receitas do paraíso neoliberal

A nova reforma fiscal do PP agudiza as desigualdades sociais

Xavier R. Fidalgo
Economista da CIG

Se non nos deixamos abraiar polos adubos circunstanciais con que se condimentou esta enésima reforma fiscal, comprobaremos axiña que se trata da mesma ensalada que xa nos serviran en ocasións precedentes. Non podía ser doutro xeito, porque o obxectivo nunca variou: reservar a carne para os poucos que, con tarxeta black ou sen ela, poden pagala (o que para un neoliberal é tanto como dicir "para os únicos que a merecen").

Os ingredientes da ensalada son basicamente dous: os impostos directos (principalmente, o IRPF ou o imposto de sociedades, que gravan directamente as fontes da riqueza, como os salarios ou os beneficios empresariais e, por iso, permiten distribuír a carga en función das posibilidades do contribuínte) e os impostos indirectos (como o IVE ou os impostos especiais, que gravan o consumo, indiferentes á capacidade económica do consumidor/a, pero provocando na realidade unha maior carga para aqueles/as que, pola cativeza dos seus ingresos, teñen que destinalos integramente ao consumo).

A forma de aderezar esta ensalada é como segue:

Primeiro tróncense os impostos directos en tres partes, unha para as rendas do traballo, outra para as rendas do capital e outra para os beneficios das sociedades.

Logo, redúzanse ao máximo estas dúas últimas partes (as que inciden nos xuros, nos dividendos ou nos beneficios), de xeito que a maior parte da imposición directa sexa sustentada polas rendas do traballo.

Simultaneamente, míngüense os tramos en que se dividía a tributación do traballo, para achegar gradualmente o tributo dos salarios máis altos ao dos máis baixos.

Finalmente, compénsese o oco deixado polos tres pasos anteriores cun incremento dos impostos indirectos, pero nunca tanto como para que o comensal acabe satisfeito, pois para os cociñeiros/as neoliberais (como para os da nouvelle cuisine) é de vital importancia mantelo nunha anemia crónica que xustifique as futuras intervencións cirúrxicas na debilidade do coitado/a.

Designándose herdeiros/as dunha liña de pensamento económico cuxo primeiro representante destacado sería Adam Smith (pai da Economía Política, que forxou as súas ideas nunha sociedade ben distinta da actual, como era o incipiente capitalismo británico do s. XVIII), os neoliberais seguen considerando a día de hoxe que o mellor mecanismo de asignación dos recursos é o mercado, pois nel manifóstanse, como en ningún outro foro, as preferencias de consumo e produción dos individuos. Algúns, caendo na caricatura, até pretenden presentalo como a democracia máis perfecta, obviando que nesa falsa asemblea da oferta e da demanda, os votos dos individuos valen só en proporción dos euros que manexan.

A receita da enésima reforma fiscal reserva a carne para os poucos que poden pagala. / TS

Os economistas neoliberais da nosa era defenden a asignación de recursos do mercado só porque os favorece. / TS

Sentado este dogma, condénanse as intervencións do Estado na economía por perturbaren a virtualmente óptima distribución feita polo mercado, relegando a súa participación a mero garante das regras do xogo. Isto é, o papel primordial do Estado consiste en protexer a propiedade privada, facer cumprir as normas e subministrar algunhas infraestruturas para que se desenvolva a partida. En contra do que ás veces parecería, os neoliberais non defenden a desaparición do Estado. En consecuencia, non amparan a supresión dos impostos, pois saben que son necesarios para financiar a policía, o exército, os xuíces e, cando non son rendíbeis para o sector privado, as autoestradas e todo aquilo que constitúe o marco onde se perpetra o combate diario de vicios privados que, como na fábula de Mandeville, resulta sempre na maior virtude pública.

Os impostos indirectos (IVE e impostos especiais) gravan máis a aqueles/as con menos ingresos.

Como os primeiros/as mercantilistas do S. XVII, incapaces de distinguir entre os seus propios intereses e os da sociedade, os economistas neoliberais da nosa era, agochados/as como aqueles detrás de altas capas de abstracción e artificio matemático, defenden a asignación de recursos do mercado só porque os favorece. Atribúen "neutralidade" aos impostos indirectos fronte aos directos, ao IVE se grava por igual un molete de pan que un iate, ao IRPF se tributa o mesmo (ou menos) vivir de rendas que vivir do traballo propio. Os expertos da mediática Comisión Lagares (Consello de Ministros, 05/07/2013) mesmo chegaban a considerar necesario, en favor desa suposta "neutralidade" fiscal, modificar o desigual reparto actual da carga das cotizacións sociais entre empresarios/as e traballadores/as (p. 374), ou equiparar o imposto de sociedades das actividades exentas de lucro e o das que non o son, por suposto, subíndollelo a aquelas para baixárllelo a estas (p. 221).

Nun libro que emula os diálogos platónicos, titulado En defensa del capitalismo, escrito por José Luis Feito (famoso por pedir a retirada das prestacións por desemprego aos que non aceptasen un traballo, mesmo que for en Laponia), este autodenominado defensor do capitalismo e ilustre representante do mesmo (desde postos destacados no Ministerio de Facenda, o Banco de España, o FMI, Bankia ou a CEOE), ofrécenos a seguinte xustificación filosófica da fiscalidade neoliberal: "O camiño de utilizar os impostos para distribuír rendas é moi curto, e axiña se poden traspasar límites que levan a un territorio ateigado de perigos [...], o sentido das desigualdades de renda e fortunas existentes no capitalismo non é doado de entender e, ás veces, son difíciles de soportar. A súa xustificación última radica en que tentar crear unha sociedade menos desigual violentando os mecanismos do mercado leva a un mundo peor para todos, e nomeadamente para os máis débiles. Son os intereses destes últimos individuos, e non a distribución da renda, o que debe ser a preocupación dominante das políticas públicas das sociedades capitalistas". Noutra época tería apelado ao demo e aos inescrutábeis camiños do Señor que, con misteriosos mecanismos e só mediante o máximo sufrimento posíbel, conducen dereitiños ao paraíso.

XOSÉ ABELENDA Emigrante galego na Suíza e sindicalista do UNIA

"Emigramos por supervivencia, non por turismo"

Máis de 100.000 persoas, a maioría menores de 35 anos, emigraron de Galiza dende o comezo da crise. A Xunta fala de espírito aventureiro para xustificar esta masiva perda de poboación, pero Xosé Abelenda, emigrado na Suíza, desmente taxativamente esta afirmación. Desde o ano 2010 traballa para o sindicato suízo maioritario UNIA e así relata a súa experiencia como emigrante e como defensor dos dereitos dos traballadores/as.

Xosé Abelenda, xunto a Alfonso Casais de Cee e outros galegos, nunha mobilización en Zurich. / TS

–Que o levou a marchar a Suíza?

Crieime cos meus avós até os 15 anos. Meus pais emigraran a Suíza pero non me podían traer porque a miña nai estaba en situación irregular no país, sen papeis. Ao chegar a esa idade decidiron levarme con eles pero cando cumprín os 18 regresaron a Galiza, porque a esa altura comezaba a montar a miña vida aquí e non querían que me instalase no país senón que regresase á nosa Terra. É unha decisión que toman moitos emigrantes ao chegaren seus fillos e fillas a unha idade. Dos 18 até os 22 anos estiven en Santa Comba. Participaba en política, no nacionalismo, pero tiña moi cru poder traballar e non vía moita saída. Traballei un tempo na Coruña e ao acabar o contrato decidín marchar para Suíza, pero meus pais quedaron en Galiza.

Moitos dos que hoxe están vindo a Suíza son traballadores/as que perderon o seu emprego na construcción e decidiron emigrar.

–Tiña un posto de traballo esperando á súa chegada?

Non tiña, pero o certo é que foi chegar e encher. A miña tía estaba en Suíza e no prazo dunha semana xa atopei traballo.

–Coma vostede hai moitos mozos/as galegos/as que deciden emigrar. Teñen a mesma sorte á hora de atopar traballo?

Cando cheguei aquí a situación en Galiza aínda estaba bastante ben, en pleno boom da construción. Porén, moitos dos que hoxe están vindo son traballadores/as que perderon o posto de traballo nese sector, acabaron o paro e decidiron emigrar, en moitos casos abafados polas débedas: hipoteca, coche, etc., e veñen traballar só para pagalas. É supervivencia, non turismo. Canda eles tamén chegan mozos/as super cualificados/as que acaban traballando na construción ou na hostalaría, ao igual que aqueles galegos/as que chegaban nos 60.

–Non retrata unha emigración por espírito aventureiro...

Non, veñen por necesidade. Faime rir cando Feijóo di iso. E de momento poden vir, porque aínda están en vigor os acordos bilaterais coa UE, porque logo vai haber moitas máis dificultades. O caso é que atopen traballo. Hai moitísimos galegos/as que chegaron e unha vez aquí mesmo tiñan que durmir no coche. O grande problema son as ETT porque, por exemplo, no sector da construción é case imposíbel que consigas un contrato directamente. Todo pasa a través delas e logo téñente enganchado.

–As Empresas de Traballo Temporal son logo as que median en todos os contratos?

Hai certas empresas que se dedican a vender servizos e cobran unha barbaridade por buscarche traballo, unha vivenda

e demais. Temos pendente un xuízo cunha que levaban un par de valencianos que captaban galegos/as para vir traballar na construción. Ofrecían un contrato de traballo temporal e en contrapartida tiñan que pagar 6.000 francos. Segundo eles dábanlles o servizo de lerlles as cartas, abrirlles unha conta no banco… cobrándolles 20 veces máis do que custa iso! Despois recibían ameazas e se non querían pagar dicíanlles que quedaban sen traballo. Aos que se negaron a pagar esa cantidade descontáronllela directamente do salario. Houbo algún que aceptou pagar. É certo que asinaron, e que estaba en español o dos 6.000 francos, pero onde lles daban o poder para descontarlles estaba en alemán e non sabían o que asinaban.

–Con que axudas ou asesoramento contan as persoas que chegan emigradas para facerlle fronte a esas situacións de explotación?

Houbo peche de consulados e hai falta de información; iso foi precisamente o que favoreceu o medre desas empresas mafiosas que din que ofrecen servizos a cambio de sumas astronómicas. Aquí hai varias organizacións que están suplindo esa falta de recursos oficiais como a Misión Católica Española e despois estamos nós, o sindicato UNIA. Moita xente recorre a nós para facer cousas que moitas veces non teñen nada que ver co noso traballo sindical: un currículo de postulación, que non se corresponde co noso traballo pero que se fai porque a persoa non fala o idioma e mesmo veñen ler as cartas para facer as traducións porque non entenden. Na miña zona, na cidade Bienne, no cantón de Berna, fálase francés e alemán; é bilingüe e iso aínda lles complica máis a historia.

Logo hai empresas como o grupo Inditex que monta tendas no estranxeiro e manda persoal en condicións moi por debaixo das legais e outras que non cumpren os convenios nin a lexislación. Eu aconsellaría os traballadores que denunciasen, que estamos para os apoiar. O sindicato ten posibilidades, porque en certos ámbitos podemos facer controis nas propias empresas. O grande problema que temos é a nosa capacidade de mobilización, que é menor que en Galiza.

Xosé Abelenda, nunha asemblea de traballadores/as en Zurich durante a paralización das obras de Zara. / TS

"Moita xente que está moi preparada vai quedar porque unha vez fas a túa vida aquí xa non marchas".

–Son mellores as condicións para emigrantes con alta cualificación?

Mesmo neses casos hai moitos abusos. Chega un arquitecto ao que lle fan un contrato de formación e como non hai convenios –que antes si había- páganlle, ao mellor, 3.000 francos ao mes cando un obreiro da construción simple cobra 4.300. A trampa está feita dicíndolle que como el ou ela non coñece as técnicas de construción de Suíza nin o sistema, ten que facer un ano para prepararse. Pero esa persoa está máis que formada. Poden chegar a telo así un ou dous anos. Iso provoca dumping salarial e por iso saen os resultados desas votacións xenófobas, porque a xente ten medo de que lle baixen os salarios.

–A ese respecto, Suíza está aprobando unha lexislación moi severa coa emigración...

O 30 de novembro hai un referendo promovido pola EcoPop, certo tipo de personaxes que no nome da ecoloxía queren reducir e limitar o número de inmigrantes para que non queden aquí e destinar unha parte do diñeiro a anticonceptivos nos países subdesenvolvidos. Unha iniciativa totalmente xenófoba. Houbo outro referendo no mes de febreiro contra a emigración masiva –que podería afectar os acordos bilaterais coa UE– para que non fose automático que che desen un permiso para vir para aquí. Iso por desgraza o pobo suízo aceptouno. Vai ter consecuencias catastróficas, porque se se aplica ao pé da letra moita xente inmigrante da UE vai quedar sen prestacións sociais.

–Os emigrantes cos que trata, teñen intención de regresar?

Moita xente que está moi preparada vai quedar porque unha vez fas a túa vida aquí xa non marchas. Eu sigo en contacto con Galiza por convición, pola Terra, pola cultura, pola lingua, por moitas cousas. Oxalá o pobo galego esperte e se revolte. Non se entende que nas universidades e nos centros de formación profesional de Galiza se estea preparando a xente que logo ten que marchar traballar fóra. Ao final quen se beneficia é Suíza.

Todo o poder para as mutuas

A nova lei convérteas en entidades colaboradoras da Seguridade Social e entrégalles o control das baixas por enfermidade común

Iván García Riobó

Cada vez máis expertos/as en saúde laboral coinciden en sinalar que a reforma da Lei de Mutuas aprobada polo Goberno español do Partido Popular supón un ataque frontal aos dereitos da clase traballadora e constitúe un paso máis no recorte e na privatización dos servizos públicos co obxectivo de aumentar o lucro das grandes corporacións. Neste caso apóstase por abrir unha nova vía de negocio a través da xestión da incapacidade temporal dos traballadores/as, agora tamén en relación á enfermidade común.

A modificación normativa inclúe un cambio de nome das propias mutuas, tras o que estas entidades privadas pasan a denominarse entidades colaboradoras da Seguridade Social. "Esta mudanza non é unicamente formal, xa que se lles asigna un papel moito máis importante na supervisión das baixas por enfermidade común, permitindo que os traballadores/as poidan ser controlados/as polas mutuas dende o primeiro día de baixa", segundo explica Manuel González Moreira, medico da CIG-Saúde.

O facultativo sostén que con esta reforma dáselle carácter xurídico público ás prestacións que xestionan as mutuas, "e non hai que esquecer que o 80% das empresas teñen encomendado a estas entidades privadas a xestión económica das continxencias comúns". Deste xeito, as mutuas actuarán como "xuíz e parte" nos procesos de control das incapacidades temporais de todo tipo, limitando a capacidade de supervisión dos médicos/as de familia e dos servizos de inspección da sanidade pública.

"Causa arrepío e indignación comprobar as atribucións e competencias delegadas ás mutuas en materia de control da xestión pública, cando na práctica se trata de entidades privadas que dende a súa creación -e máis aínda agora con esta nova lei- están ao servizo dos intereses particulares das empresas fronte aos intereses xerais da clase traballadora, que verá recortado o seu dereito á saúde e a unha cobertura económica durante a súa convalecencia e situación de incapacidade temporal a causa dunha enfermidade común", en palabras do gabinete técnico confederal de Saúde Laboral da CIG.

Nova Lei de Mutuas do PP: negocio e beneficio a costa da saúde da clase traballadora.

Nesta liña, os expertos/as inciden en que a prevalencia dos aspectos económicos fronte aos sanitarios nos casos de incapacidade temporal van carrexar unha cantidade inxente de situacións de inxustiza e desprotección "que virán a sumarse á xa inmensa e constante cantidade de conflitos mutua/traballador/a, onde a parte feble e indefensa sempre é a mesma".

A nova lei privatiza a asistencia sanitaria das baixas por enfermidades comúns. / TS

O traballador/a como defraudador/a

Segundo denuncia González Moreira, o Goberno de Rajoy basea o cambio da lei nunha falacia, "como é a idea de que os traballadores/as que collen unha baixa son uns defraudadores/as e os médicos/as de familia que lla conceden son uns irresponsábeis". Neste senso, lembra que máis do 80% das baixas laborais longas están avaladas, a súa duración é cada vez menor e axústanse de xeito correcto ás patoloxías.

A pesar disto, o Goberno español teima en culpabilizar a clase traballadora en situación de incapacidade temporal. "A reforma da Lei de Mutuas é a guinda a toda unha

Estas entidades privadas poderán dar altas sen previo aviso e o traballador/a quedará sen cobrar. / TS

campaña orquestada contra a clase traballadora para culpabilizala nun momento en que as estatísticas amosan que hai máis enfermidades profesionais que nunca", critica Antolín Alcántara, secretario confederal de Saúde Laboral da CIG.

Alcántara sostén que esta situación está a provocar que moi poucos/as traballadores/as cheguen aos 62 anos en plenas facultades físicas, polo que endurecer os controis sobre as incapacidades temporais é un xeito de reducir o gasto en prestacións. Como exemplo cita o que sucedía no naval vigués durante a época de maior actividade no sector. "A pesar de que o número de empregados/as superaba as 12.000 persoas, practicamente ningún/ha tiña máis de 60 anos -os problemas físicos obrigábanos/as a abandonar antes o seu labor- e en ningún caso se recoñeceu unha incapacidade por enfermidade profesional".

O cambio de lexislación obriga os traballadores/as a ter que estar atentos/as á hora de recibir a alta médica, xa que poderán concederlla no caso de que non acuda a unha cita coa mutua, aínda que sexa porque non recibiu a notificación. "No caso de que non se estea de acordo coa decisión hai que presentar un recurso no Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)", relata González Moreira.

De igual xeito, cando a mutua se negue a recoñecer unha enfermidade laboral o traballador/a afectado/a deberá presentar unha reclamación diante do INSS solicitando unha determinación de continxencias.

A partir de agora a duración das baixas xa non vai depender dos médicos/as de familia, senón que a súa duración establecerase a través dunhas táboas elaboradas pola Administración en función dos tipos de doenzas, da modalidade dos postos, etc. Ademais, as mutuas poderán facer proposta de alta que deberán ser respostadas polos servizos de inspección en cinco días, "tempo insuficiente para consultar os médicos de familia, polo que na práctica serán as mutuas as que decidan".

Criminalizan a doentes e traballadores/as coa presunción de fraude nas baixas.

Ao mesmo tempo, a nova normativa dálles a capacidade de acceder aos informes clínicos dos pacientes, "algo moi perigoso tendo en conta que as mutuas participan en procesos de selección de persoal e poderán usar esta información en contra dos traballadores/as". Tamén se lles permite tratar determinadas patoloxías das enfermidades comúns dos traballadores/as, o que supón unha nova inxección de cartos públicos para entidades privadas.

"Todo isto vai supoñer unha grave perda de dereitos para todas aquelas persoas que se atopan en situacións de debilidade, como son as baixas por acoso laboral ou por enfermidade crónica, xa que se fan uso dunha baixa médica enfróntanse á posibilidade de perder o seu emprego", advirte González Moreira.

Ataque ao sistema público de protección

O novo marco normativo outórgalle unha maior autonomía económica ás mutuas mediante a transferencia do diñeiro público que debera ir destinado ao fondo da Seguridade Social, facendo máis difícil e complexo o control da súa xestión económica e do seu axeitado uso. "E todo isto a pesares das escandalosas irregularidades de desvío de fondos realizadas por diversas mutuas entre os anos 2007 e 2009 e sobre as que aínda hai moito que investigar".

A lei aprobada polo Goberno español garante un inmenso transvase de fondos que a bo seguro lles proporcionará inxentes beneficios regulatorios, ao dispoñer por lei dunha parte dos seus resultados, o que sen dúbida contribuirá a incrementar notabelmente o déficit da Seguridade Social. "Somos moitos/as xa, posibelmente maioría, os que albiscamos a intencionalidade de deteriorar o sistema público de protección que proporciona a Seguridade Social, situándoa nunha situación de non viabilidade e abrindo as portas ao negocio multimillonario dos seguros privados de pensións como medio mixto ou incluso único para asegurarse unha xubilación", segundo sosteñen dende o gabinete técnico.

Diante disto, a CIG, como organización cuxo obxectivo é a defensa dos intereses e dos dereitos da clase traballadora, rexeita frontalmente a actual fórmula de atribución de novas competencias e funcións outorgadas ás mutuas, que se por algo se teñen significado ao longo do tempo é por primar os intereses empresariais fronte aos dos traballadores/as. "Nunca imos apoiar un proceso de liquidación e desvalorización de recursos xerados a través de cartos públicos, que outra vez máis van pasar a engordar a enriquecer a investidores/as privados/as cuxa finalidade é gañar cartos e non ofrecer uns servizos preventivos axeitados e de calidade".

Máis un ano de loita da clase traballadora galega

Repasamos os principais conflitos laborais de 2014 nos que o sindicalismo nacionalista tivo especial protagonismo

Xabier Pérez Igrexas

No treito final do presente ano facemos un breve repaso dos principais conflitos laborais que marcaron o que vai de 2014. A través desta mostra constatamos que, malia a dura represión sindical que padece a clase traballadora galega nas empresas e na rúa, continúa a revirarse contra a explotación.

Todas e cada unha das loitas, as sinaladas e as outras moitas que se realizaron en todos os sectores e comarcas do país, visan tamén a vixencia do modelo sindical asembleario e combativo que practica a CIG, referente do sindicalismo nacionalista e de clase en Galiza.

As loitas que se realizaron en todos os sectores e comarcas do país visan tamén a vixencia do modelo sindical asembleario e combativo que practica a CIG. / TS.

Área Pública

A permanente defensa dos servizos públicos e a oposición aos recortes salariais e de dereitos do persoal público ou o rexeitamento da privatización de servizos como os rexistros civís foron obxecto de numerosas accións das federación do Ensino, Saúde e Administración Pública.

Automoción

Tal e como leva anos a denunciar a CIG, o sector da automoción está sendo obxecto dunha violenta precarización das condicións de traballo e un continuado empobrecemento dos salarios. Engádese tamén a crecente represión sindical que se vive tanto nas empresas matriz como nas auxiliares para tentar frear as reivindicacións dos traballadores/as e impor os seus abusos.

Con todo, as loitas obreiras no sector ofrecen un balanzo positivo. Así, as folgas convocadas en Denso (Vigo) e Treves (Pontevedra), de 7 e 14 xornadas de duración respectivamente, concluíron con importantes melloras para os cadros de persoal. Desta maneira, os empregados/as de Denso lograron melloras nas contratacións, reducindo o papel das ETT, e aumentos salariais. O éxito do paro en Treves traduciuse no compromiso de que a planta do Campiño será quen asuma todas as encomendas que faga Citroën, na eliminación da mobilidade xeográfica forzosa, na redución da xornada laboral, no aumento de descansos e nunha suba salarial do 13% en tres anos.

A mobilización en Faurecia-Asientos (Vigo) tamén obrigou a empresa a aumentar o número de operarios/as en varias liñas de produción e en loxística, reducindo os elevados ritmos de traballo que estaban a producir problemas de saúde laboral.

O despedimento dos traballadores Francisco Alonso e David Álvarez foi o último episodio do clima de "terror laboral" que se vive na factoría viguesa do grupo PSA Peugeot-Citroën. Malia teren acreditado un desempeño profesional de máis de 15 anos sen recibiren amoestación ou sanción, a empresa decidía despedilos alegando un suposto incumprimento en materia de seguridade, que non foi quen de acreditar. A decisión, pola súa virulencia, amosábase ás claras como unha medida exemplarizante coa que a dirección pretendía disciplinar o seu cadro de persoal, precisamente ás portas dunhas eleccións sindicais.

A resposta ofrecida desde a sección sindical, e polo conxunto da CIG, a esta agresión foi igualmente contundente. 24 días de folga de fame por quendas, concentracións diarias ás portas da fábrica, dúas manifestacións na cidade e unha concentración en Madrid foron as principais accións na campaña des-

envolvida para denunciar a inxustiza dos despedimentos e esixir a inmediata readmisión de Paco e David.

Urbaser

Con 59 días de duración, a folga na concesionaria da recollida de lixos de Lugo, Urbaser, salientou pola súa dureza como un dos principais conflitos do ano. O berro "todos somos un" co que o persoal concluía a asemblea na que se ratificaba o acordo que puña fin á folga, sitúa a unidade da clase traballadora como un factor decisivo para lograren torcer o pulso á dirección da empresa.

Ademais de consolidar as conquistas do anterior convenio colectivo, o novo inclúe aumentos salariais, a cobertura de todas as vacantes e a prioridade do persoal a tempo parcial para substitucións. Así mesmo, lograron a readmisión de todo o persoal despedido durante a folga e a retirada das sancións. Para alén das melloras, a de Urbaser foi, ao cabo, máis unha loita pola dignidade da nosa clase.

Freiremar

A empresa pesqueira Freiremar, con sede en Vigo, foi un dos exemplos máis gráficos da crecente desertización industrial e produtiva do noso país, coa activa complicidade da Xunta do PP. A pesar de ser unha empresa viábel, outrora punteira no seu sector, a dirección optou –dende finais de 2013– polo desmantelamento case total dos seus centros de traballo en Galiza.

Unha intención que obtivo a resposta dende o primeiro minuto do seu cadro de persoal, que desenvolveu un inxente calendario de mobilizacións ao longo da práctica totalidade do ano. A recente vitoria xudicial que anula o ERE fraudulento deu a razón á FGAMT-CIG na súa denuncia de que o peche de Freiremar se baseaba en falsidades, como a creación contábel de perdas ficticias, e irregularidades na xestión.

San Xerome

Varios meses durou a loita contra os despedimentos de tres traballadoras e un traballador do Centro de atención a persoas con discapacidade San Xerome Emiliani, na Guarda. Para alén dos cesamentos, que a Xustiza rematou por resolver como improcedentes ao acreditar que se manipularan as contas para os xustificar, a CIG-Ensino respondeu con contundencia as prácticas de represión sindical exercidas pola xerencia do centro.

A folga de sete días convocada en Denso concluíu con melloras nas contratacións, reducindo o papel das ETT, e aumentos salariais. / TS

Cerco

O rexeitamento contra o reparto europeo das cotas de captura da xarda para a flota galega do cerco acabou traducíndose nun conflito que se prolongou durante máis de tres meses, con grandes mobilizacións. Desde CIG-Mar enfatizouse que esta situación era consecuencia directa do papel periférico que se outorga a Galiza no marco da Unión Europea e do nulo compromiso da Xunta e do Goberno central na defensa do noso sector pesqueiro. Reclamouse un reparto das cotas en función do número de tripulantes.

Celga

O incumprimento da lexislación laboral co profesorado que imparte os cursos do Celga motivou unha vaga de protestas nas que a CIG-Ensino esixiu que se regularizase a situación deste persoal docente, que nos últimos catro anos non fora dado de alta na Seguridade Social pola Xunta. Pola contra, a Consellaría non só non corrixiu esa situación senón que optou por despedir a unha parte importante dos docentes.

Atento e Extel

O sector dos centros de chamadas volveu vivir un ano de intensas mobilizacións. Desta volta os protestos concentráronse na Coruña. O persoal de Atento e de Extel revolvéronse, da man da CIG-Banca, contra as condicións de "explotación" que padecen e que son xeneralizadas no sector.

Despedimentos e sancións inxustas; modificacións arbitrarias de xornadas, quendas e horarios; imposición de descansos; condicións laborais insalubres; escoitas selectivas; presións nas vendas; e denuncias de acoso foron algúns dos aspectos denunciados nas numerosas accións realizadas.

Povisa

A imposición de modificacións nas condicións de traballo ao cadro de persoal e o despedimento daqueles traballadores/as que non as asumían foi a causa que provocou a convocatoria dunha folga indefinida no centro médico Povisa (Vigo). O paro laboral mantívose durante varias xornadas reclamando a readmisión das persoas despedidas. A empresa reaxiu novamente con abusos que conculcaron o dereito á folga; entrementres, a Xunta desentendíase do conflito deixando desamparado o cadro de persoal que presta servizos para o Sergas.

Naval

O reclamo de futuro para a construción naval galega, un sector estratéxico da nosa economía e chave nas comarcas de Vigo e Ferrol, foi unha constante ao longo do 2014. A pesar dos reiterados anuncios propagandísticos de carga de traballo, as gradas dos estaleiros continúan practicamente paralizadas sen novas encomendas.

Os traballadores/as do sector desenvolveron unha chea de protestos, esixindo o dereito a producir, a poñermos en marcha as enormes potencialidades que Galiza ten na construción e reparación de buques.

Locais CIG

Sede Central
Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago
Telf: 981 56 43 00 - Fax: 981 57 10 82

Local Nacional
Gregorio Espino, 47 ent.
36205 Vigo
Telf: 986 82 79 46 - Fax: 986 26 27 81

Local Madrid
Carretas, 14 6º C 1
28012 Madrid
Telf: 915 21 69 68 - Fax: 915 21 69 68

Vigo
Gregorio Espino, 47 ent.
36205 Vigo
Telf: 986 82 79 00 - Fax: 986 26 28 44

O Morrazo
Atranco, 16 ent.
36940 Cangas
Telf: 986 30 29 87 - Fax: 986 30 29 87

O Porriño
A. Palacios (casa sindical)
36400 O Porriño
Telf: 986 33 62 04 - Fax: 986 33 87 44

O Porriño
O Piñeiral, 12-14, Baixo
36400 O Porriño
Telf: 986 33 72 63 - Fax: 986 33 87 44

A Guarda
Praza da Guia, 3-baixo
36780 A Guarda
Telf: 986 61 04 65 - Fax: 986 61 04 65

Pontevedra
Pasantería, 1 baixo
36002 Pontevedra
Telf: 986 85 29 50 - Fax: 986 85 50 50

O Grove
Luís Casais, 3 ent. D2
36980 O Grove

A Estrada
Capitán Bernal, 10-2º
36680 A Estrada
Telf: 986 59 09 00 - Fax: 986 59 00 47

Cambados
Infantas, 7 1
36630 Cambados
Telf: 986 54 27 43 - Fax: 986 54 27 43

Vilagarcía
Alexandre Bóveda, 2 2º
36600 Vilagarcía
Telf: 986 50 53 23 - Fax: 986 50 64 50

A Illa
Cantiño, s/n
36626 Illa de Arousa

Marín
Calvo Sotelo, 110 ent.
36900 Marín
Telf: 986 88 25 09 - Fax: 986 88 25 09

Lalín
Areal, 1-1º dta.
36500 Lalín
Telf: 986 78 21 91 - Fax: 986 78 21 91

Santiago
Miguel F. Caaveiro, 10
15703 Santiago
Telf: 981 58 32 00 - Fax: 981 58 39 34

As Rías
Estatuto, 24 baixo
15960 Ribeira
Telf: 981 87 36 54 - Fax: 981 87 40 39

Noia
Xosé Suárez, 2 2º
15200 Noia
Telf: 981 82 37 54 - Fax: 981 82 37 54

A Coruña
Alfonso Molina, s/n-6º
15008 A Coruña
Telf: 981 16 92 93 - Fax: 981 15 15 39

Betanzos
Avda. da Coruña, s/n 2º
15300 A Coruña
Telf: 981 77 49 88 - Fax: 981 77 49 88

Carballo
Río Sil, 52 baixo
15100 Carballo
Telf: 981 70 31 69 - Fax: 981 70 31 69

Cee
O Son, Edif. Anmafra, s/n
15270 Cee
Telf: 981 74 52 66 - Fax: 981 70 61 00

Ferrol
Eduardo Pondal, 41/43 ent.
15403 Ferrol
Telf: 981 35 87 50 - Fax: 981 35 87 60

As Pontes
Balsa, 28
15320 As Pontes
Telf: 981 45 15 10 - Fax: 981 45 29 19

Lugo
Ronda Muralla, 58 baixo
27003 Lugo
Telf: 982 22 58 12 - Fax: 982 25 38 91

Vilalba
Constitución, s/n 2º esq.
27800 Vilalba - Telf: 982 51 25 56

Chantada
Praza de Galiza, s/n.
27500 Chantada
Telf: 982 46 21 03 - Fax: 982 46 21 03

Monforte
R. Baamonde, 29-1º
27400 Monforte
Telf: 982 40 30 05 - Fax: 982 40 30 05

Sarria
Rúa Nova, 60 ent. A
27600 Sarria
Telf: 982 53 36 72 - Fax: 982 53 36 72

A Mariña
Garcia Dóriga, s/n 2º
27850 Viveiro
Telf: 982 56 15 41 - Fax: 982 55 19 85

Ribadeo
Avda. Galiza, 20 3º
27700 Ribadeo
Telf: 982 12 95 93 - Fax: 982 12 95 93

Burela
A. Pardiñas, 137-2º dta.
27880 Burela
Telf: 982 58 18 61 - Fax: 982 58 18 61

Ourense
Parque S. Lázaro, 12 4º
32003 Ourense
Telf: 988 23 31 34 - Fax: 988 22 28 55

O Carballiño
M. Avellanosa, 14-baixo
32500 O Carballiño
Telf: 988 27 28 11

O Barco
Pza. do Concello, 2-1º
32300 O Barco
Telf: 988 32 15 11 - Fax: 988 32 67 23

Verín
Pedro González, 5-1º
32600 Verín
Telf: 988 41 23 45 - Fax: 988 41 10 13

Ribadavia
Pza. S. Eiján, 1 baixo
32400 Ribadavia
Telf: 649 94 28 31

Xinzo
Campo do Toural, s/n
32630 Xinzo de Limia
Telf: 988 46 25 83 - Fax: 988 46 25 83

Trives
S. Bartolomé, s/n 32780
A Póboa de Trives